



Nova Mesa Sectorial: a CIG-Ensino confirma a súa maioría na representación do profesorado galego.


8 de 15 postos. Por terceira vez consecutiva a CIG-Ensino vén de obter a maioría absoluta dos membros da representación sindical do profesorado galego no seu máximo órgano de negociación.

Con 13 meses de demora vén de constituírse formalmente a nova Mesa Sectorial de Educación logo das eleccións sindicais de decembro de 2018. O inexplicábel deste lapso de tempo estriba na decisión da Xunta de agardar a que rematen todos os procesos electorais do persoal autonómico, desde a Administración Xeral ao SERGAS, o que non se fixo até o pasado 27 de xaneiro.

A CIG, primeira forza sindical en toda a Xunta de Galiza

No conxunto da representación do persoal funcionario e laboral da Xunta, a CIG revalidou igualmente a súa maioría, superando amplamente aos outros tres sindicatos que superan o 10% dos votos no total da Xunta (CCOO, CSIF e UGT). Así na Mesa Xeral de Negociación de Empregados

Representación na Mesa Sectorial



Públicos a CIG acadou 6 membros dos 15 a repartir. En persoal funcionario ou no estatutario do SERGAS a CIG tamén revalidou a súa hexemonía.

A CIG-Ensino, a referencia do profesorado e o obstáculo da Consellaría.

O respaldo do profesorado en todos e cada un dos procesos electorais veu consolidando ao cabo dos anos unha clara hexemonía e referencialidade da CIG-Ensino entre o profesorado galego. En primeiro lugar cunha forte base afiliativa e presenza nos centros de traballo, como modelo sindical que marca claramente as diferenzas cos demais sindicatos mais tamén polo apoio electoral obtido que leva ao sindicato nacionalista a ter a maioría da representación na Mesa Sectorial.

Esa referencia electoral e social que se evidencia na representación na Mesa foi durante as últimas décadas un exemplo claro de compromiso co profesorado e o ensino público, o que se traduciu en converter á CIG nun auténtico obstáculo para a Consellaría e nun claro contrapeso a un poder exercido con soberbia en moitas ocasións.

Baleirar de contidos a Mesa como arma da Consellaría

A clara intención da Consellaría de baleirar de contidos a negociación na Mesa ou a de chegar a acordos con sindicatos minoritarios cos que lle resulta máis doado implantar as súas decisións é un exemplo de cal é a estratexia do PP para evitar que a Mesa sexa un verdadeiro órgano de negociación e non só nun mero trámite. Como se non se pode

entender o acontecido coa negociación en maio e xuño de 2018 co acordo retributivo docente que só contou co aval de CCOO e UGT e que nin sequera se chegou a asinar na propia Mesa? A falta de negociación ou o feito de que se poidan asinar acordos sen contar coa respaldo da forza sindical maioritaria é a folla de ruta da Xunta, tanto en Educación como no resto das Mesas de Negociación da administración autonómica.

Fronte a isto a CIG-Ensino volveu e volverá a incidir en encher de contidos a Mesa e en dar resposta ás demandas do profesorado, comezando pola recuperación do horario lectivo e seguindo polas ratios e os desdobres, a impartición de afíns, a atención á diversidade a carga burocrática ou a estabilidade do profesorado interino.

UGT mantense na Mesa Sectorial polo seu carácter de máis representativo a nivel do Estado.

Na conformación final da Mesa case non se producen cambios ao respecto da Mesa anterior. CIG-Ensino mantén os 8 representantes, CCOO gaña un representante a conta de UGT, que se mantén na Mesa malia non ter superado o límite legal do 10% ao ser sindicato máis representativo a nivel do Estado, e ANPE conserva os 2 cos que contaba.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal